



PREGUNTA ORAL SOBRE O SISTEMA DE VIDEOVIXILANCIA NOS ESPAZOS PÚBLICOS DO CONCELLO

O Grupo Municipal do Partido Popular no Concello de Santiago, ao abeiro do establecido na normativa de aplicación eleva a esa Alcaldía, para a súa inclusión na Orde do día do Pleno da Corporación, a seguinte **PREGUNTA ORAL**

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

De maneira periódica, o concelleiro delegado de Medio Ambiente e Convivencia solicítalle á Delegación do Goberno en Galicia permiso -ou renovación de permiso- para manter en funcionamento diversas cámaras de videovixilancia na cidade. Fíxoo por última vez a finais de xullo deste ano.

Entre as cámaras instaladas figura unha na praza do Toural. Trátase dunha cámara que ofrece a posibilidade de mostrar e gravar imaxes desde distintas posicións. Ningunha delas semella poder enfocar e poder gravar claramente a zona final da Rúa do Vilar, a máis próxima ao Toural, onde se están a producir incidentes que afectan á convivencia e mesmamente a seguridade cidadá.

Entre as diversas cámaras instaladas non figura ningunha en zonas da cidade onde si se están a producir reiteradamente comportamentos e accións ilícitas. Resulta certamente chamativo que o sistema de videovixilancia non disuada comportamentos ilícitos -ou non rexistre os mesmos para os efectos da esixencia das correspondentes responsabilidades- en espazos onde estes se producen con reiteración, mentres o Goberno local mantén en zonas máis seguras un sistema de videovixilancia que enfoca e grava a cidadáns en situacións cotiás e absolutamente cívicas.

En relación co anterior, formúlase a seguinte pregunta:

Ten pensado o Goberno local modificar o sistema de videovixilancia para que o mesmo se centre nos espazos de maiores incidentes, como é o caso, entre outros, da confluencia entre a Rúa do Vilar e o Toural e, polo que concretamente se refire a esta última zona, do Toural, e aos reiterados incidentes hoxe en día agravados, téñense revisado as imaxes nos últimos meses para os efectos oportunos?

Santiago de Compostela, 7 de novembro de 2018

Alejandro S. Brunete Varela
Concelleiro do Grupo Popular

CONCELLO DE SANTIAGO	
REXISTRO XERAL	
Data	- 7 NOV. 2018
ENTRADA	
Hora.....	Núm. 49432